



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

### **CIRCULAR 4/2011**

- A todas as Delegacións (\*)
- Aos clubs e adestradores

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

### **CAMPIONATO GALEGO DE MARCHA EN RUTA**

Pontevedra, 13 de Febreiro do 2011

**Art.1)** A Federación Galega de Atletismo organizará en Pontevedra, o Campionato de Galicia de Marcha en Ruta o domingo día 13 de febreiro do 2011.

**Art.2)** Poderán intervir todos aqueles atletas que o desexen e que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado durante a tempada actual (2010/11) por algún Clube pertencente a Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubes doutras CCAA..
3. Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

**Art.3)** As inscricións realizaranse na web da F.G.A. mediante sistema online como data límite o martes 8 de febreiro.

**Art.4)** Os atletas deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do comezo da súa proba, segundo o horario sinalado. Unha vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

**Art.5)** Os tres primeiros atletas clasificados nas diferentes categorías (Benxamín, Alevín, Infantil, Cadete, Xuvenil, Junior, Promesa, Absoluto e Veterán) recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo da cerimonia. Caso contrario, non se fará entrega das medallas.

**Art.6)** Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.

**Art.7)** *Horario e distancias do Campionato:*

<b>11:00 horas</b>	Alevín-infantil	Homes e Mulleres	3 Km
<b>11.30 horas</b>	Cadete	Homes e Mulleres	5 km
	Promesa-Senior	Homes	10 Km
<b>12:10 horas</b>	Benxamín	Homes e Mulleres	2 Km
<b>12:30 horas</b>	Xuvenil-Junior-veteranos	Homes e mulleres	10 km
	Promesa-Senior	Mulleres	10 Km

**PATROCINADORES  
OFICIAIS**



**PROVEEDOR**





## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

**Art.8)** Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F. As características do circuíto serán enviadas con antelación suficiente á competición.

**Art.9)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito, non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 24 de xaneiro de 2011

**PATROCINADORES  
OFICIAIS**



**PROVEEDOR**

